

Publicado en:

M. C. Henríquez, M. C. (ed.) (1996): *Actas do IV Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza en Homenagem a Ferdinand de Saussure*. Ourense: Associação Galega da Língua, 415- 422

*O principio de arbitrariedade e a lingüística actual*

José M. García-Miguel

(Universidade de Vigo)

**1. A arbitrariedade do signo, un problema vixente.**

Cuando nos manuais de introdución à lingüística se fala da arbitrariedade do signo, é cuase lugar comun atribuir a formulación de tal tese a Saussure e presenta-la como se fose un principio indiscutíbel que fundamenta toda a lingüística actual.

Sobre a suposta orixinalidade de Saussure neste punto, Coseriu (1967) ten expostos os seus antecedentes nunha tradición ininterrupta que se remonta quando menos até Aristóteles e a polémica grega natureza - convención. Con todo, Saussure só reclama para sí o mérito de situar o principio no lugar que lle corresponde na teoría da linguaxe, mas nunca pretendeu ser o primeiro a dicir que a relación entre significante e significado é arbitraria.

O que eu pretendo aquí é chamar a atención sobre o feito de que segue sendo un problema actual o de se os signos lingüísticos e, por extensión as linguas, son ou non son arbitrarios, aínda que, obviamente, a presentación dos problemas sexa moi distinta à da polémica grega natureza - convención. En dous artigos de 1962 e 1964, R. Engler, ao tempo que ordenaba a teoría de Saussure confrontando a edición de Bally e Sechehaye coas fontes manuscritas, revisou a abondosa bibliografía que no entanto aparecera. Desa revisión fica ben clara a impresión de que o principio de arbitrariedade está lonxe de ser un principio indiscutíbel. Ademais do famoso artigo de Benveniste (1939), temos moitos

outros traballos nunha liña similar. Algún traballo ten títulos tan radicais como o de Bolinger (1949) "The sign is not arbitrary".

Desde a publicación dos citados estudos de Engler, quizá fosen Jakobson (1965) e Haiman (1980, 1983, 1985) os que mais extensamente teñen defendido que nas linguas existen moitas características non arbitrarias. É deles dos que vou falar mais.

## **2. O principio de arbitrariedade no *Curso de lingüística xeral***

Como é coñecido, Saussure establece primeiro a dualidade do signo e inmediatamente califica de arbitraria a relación entre as dúas caras do signo lingüístico<sup>1</sup>, referindo-se primariamente ao feito de que o significante non imita o significado, non garda similitude con el; e non a que poda ser escollido libremente polos falantes. Tanto a inmutabilidade (imposibilidade de que os falantes muden conscientemente a lingua, agás en aspectos marxinais) como a 'mutabilidade' histórica das linguas son para Saussure corolario da arbitrariedade.

Tendo-se formulado o principio de arbitrariedade no § 2 do cap. I da 1ª parte, que trata do signo considerado isoladamente, e no que se establece o carácter psíquico e dual do signo lingüístico, na segunda parte ("Linguistique synchronique"), dedicada principalmente à consideración da lingua como sistema, introducen-se importantes extensións e matizacións ao principio de arbitrariedade. As dúas mais importantes penso que son as seguintes:

a) A delimitación recíproca dos signos, que o leva a considerar que tanto o significante como o significado son entidades opositivas, relativas e negativas, ten como consecuencia para Saussure que "*arbitraire et différentiel* sont deux qualités corrélatives" (p. 163); quer dicer, o significante é indiferente (arbitrario) con tal que permita distinguir un signo de outro.

---

<sup>1</sup> O concepto de arbitrariedade é aplicado ao signo como conxunto, mas às veces Saussure aplica-o ao significante (sobre este punto, vid. Engler, 1962, 49-54)

b) No cap. VI, §3 da 2ª parte ("L'arbitraire absolu et l'arbitraire relatif"), introduce Saussure unha importante limitación ao funcionamento do arbitrario: "le signe peut être relativement motivé" (p. 181). É mais,

"le principe irrationnel de l'arbitraire du signe, appliqué sans restriction, aboutirait à la complication suprême; mais l'esprit reussit à introduire un principe d'ordre et de régularité dans certaines parties de la masse des signes, et c'est là le rôle du relativement motivé" (p. 182)

Saussure destaca a correspondencia do arbitrario relativo coa gramática e do arbitrario absoluto co léxico e exemplifica (¿identifica?) a motivación relativa nos signos complexos que obviamente teñen un significado baseado no dos signos simples que os constitúen<sup>2</sup>:

"Ainsi *vingt* est inmotivé, mais *dix-neuf* ne l'est pas au même degré, parce qu'il évoque les termes dont il se compose [*dix* et *neuf*] (...) *dix-neuf* présente un cas de motivation relative" (p. 181).

### 3. Algunhas extensións

Na exposición que acabo de facer están incluídos os que considero principais aspectos do principio de arbitrariedade tal como o entende Saussure. Debo engadir que às veces (por exemplo, Haiman 1985, cap. 1) teñen-se considerado *extensións do principio de arbitrariedade* teses mais ou menos aceptadas na lingüística do século XX, mas que *sensu stricto* non están contidas no *Cours* de Saussure. Por exemplo:

a) O chamado "relativismo lingüístico" que, dito simplifícadamente, defende que cada sistema lingüístico é único e pode variar impredecibelmente a respecto dos outros: cada lingua estrutura arbitrariamente o contido transmitido (recordemos que Saussure utiliza a diversidade de linguas como proba do arbitrario).

---

<sup>2</sup> Holdcroft (1991, 56) destaca que estes exemplos de motivación relativa (que foron introducidos ao falar da lingua como mecanismo baseado nun sistema de relacións) non son outra cousa que exemplos da sistematicidade da lingua, e que o concepto de arbitrariedade debe reservar-se para "the determination of a linguistic feature by some extralinguistic".

b) Admitindo como Saussure que o significado dos signos complexos (sintagmas) está [relativamente] motivado polo dos signos simples que os constitúen, R. Wells (1947) estende o concepto de arbitrariedade à relación entre un esquema sintagmático e o seu significado:

"It is important to realize that the meaning of a pattern is arbitrary, as unmotivated as the meaning of a morpheme"

c) Sen sairmos do estruturalismo norteamericano, é mais destacábel o feito de que Bloomfield e os seus seguidores pretenden estudar a forma lingüística sen consideraren o significado. Xa non falaríamos dunha relación arbitraria entre significante e significado senón dunha independencia case total, até o punto de situar o significado fora da linguaxe.

d) Para algúns lingüistas (por exemplo Givón (1991, 86)) unha continuación mais da tese da arbitrariedade e da independencia da forma a respecto do significado é a tese chomskiana da autonomía da estrutura lingüística e, en particular, da sintaxe. A tese da "sintaxe autónoma" ten como nomeada consecuencia a tese de que os principios universais que regulan a adquisición e coñecimento lingüísticos son independentes doutros procesos cognitivos e deben ser inatos.

A tese de autonomía da linguaxe está tamén presente no concepto de lingüística imanente de Hjelmslev; e tamén na famosa frase final do *Cours* ("la linguistique a pour unique et véritable objet la langue envisagée en elle-même et pour elle-même") que é responsabilidade dos editores e non do mestre xenebrino. Para este, a *lingua*, frente à *fala*, é principio ordenador da linguaxe e non un obxecto isolado ou "autónomo" no sentido en que fala Chomsky de "sintaxe autónoma"<sup>3</sup>.

---

<sup>3</sup> Holdcroft (1991, 55) cre que deben distinguirse tres tipos de motivación: dos significantes (como nas onomatopeias), motivación categorial (se as categorías están motivadas externamente) e motivación estrutural (se está motivada a estrutura de frases e oracións). E engade: "A strong version of the autonomy of language must exclude all three kinds of motivation"; pero nada indica que Saussure se adhira à versión forte.

#### 4. Principais liñas de crítica

Das principais matizacións feitas à arbitrariedade do signo despois do *Curso* de Saussure, hai algunhas liñas às que apenas me vou referir. Sobre todo, non vou falar da capacidade evocativa dos sons, sexa en onomatopeias, simbolismo fonético, aliteracións e outras utilizacións expresivas (literárias ou non) etc. Tampouco vou falar doutro tipo importante de motivación relativa: todo signo lingüístico está relativamente motivado pola historia da lingua.

A mais coñecida das críticas à tese saussuriana é a suxerencia de Benveniste (1939) de que a relación entre *signans* e *signatum* é **necesaria**, mentres que só é arbitraria a relación entre un signo e o obxecto exterior à linguaxe que designa. A razón é que para os falantes dunha lingua un significado é impensábel sen o seu significante, e viceversa<sup>4</sup>, co que Benveniste nos situa na dualidade do signo e na imutabilidade dos mesmos para os falantes:

"Entre le signifiant et le signifié, le lien n'est pas arbitraire, il est *nécessaire*. Le concept ("signifié") "boeuf" est forcément identique dans ma conscience à l'ensemble phonique ("signifiant") *böf*. Comment en serait-il autrement? Ensemble, les deux ont été imprimés dans mon esprit; ensemble ils s'évoquent en toute circonstance." (p. 51)

Collendo o fio deixado por Benveniste, a crítica aparentemente mais radical foi feita por R. Jakobson, quen chega a escribir que "os dous principios saussurianos 'básicos' --a arbitrariedade do signo e a linealidade do significante-- revelaron-se ilusórios" (Jakobson, 1963).

Jakobson (1965) basea-se na distinción de Peirce entre **índices** (nos que existe unha contigüidade factual entre *signans* e *signatum*), **iconos** (semellanza) e **símbolos**

---

<sup>4</sup> Engler (1964, 31) atribue à *parole*, e non à lingua, esta necesidade. Coseriu (1958, p. 24, n. 38), admitindo parte do razoamento de Benveniste, matiza que o signo lingüístico é arbitrario para o "saber científico", mas non "para el 'saber originario', para la conciencia ingenua de los hablantes". Tamén di Coseriu que o signo non está motivado *causalmente*, mas *finalisticamente* e tamén *historicamente*.

(arbitrarios)<sup>5</sup>. A distinción é gradual e ademais un mesmo sinal pode incorporar a un tempo propiedades simbólicas, icónicas e/ou de índice. Sendo así podemos admitir, como fai Jakobson, o carácter basicamente arbitrario dos signos lingüísticos e ao mesmo tempo indagar posibles propiedades icónicas das linguas.

Na procura de propiedades icónicas, Jakobson presenta numerosos exemplos de dous tipos de iconos recoñecidos por Peirce: **imaxes** e **diagramas**<sup>6</sup>. A diferenza consiste en que nunha **imaxe** o *signans* parece-se ao significado en algunha característica (exemplos: fotografías, estatuas, mapas, onomatopeias, etc...); mentres que nun **diagrama** é a ordenación ou a relación existente entre os significantes (e non necesariamente os significantes mesmos) a que garda semellanza coas relacións ou ordenación dos significados (por exemplo, nun diagrama que represente a inflación a posición relativa dos puntos da liña --ou a distancia respecto à liña base-- corresponde-se co valor relativo do aumento de prezos).

Seguindo a liña marcada por Jakobson, J. Haiman (1980, 1983, 1985) insistiu máis recentemente en que a linguaxe é menos arbitraria, menos convencional do que soe suporse e que existe unha apreciable relación icónica entre a forma física das estruturas gramaticais e o contido das mensaxes comunicadas por esas estruturas. Haiman parte tamén do concepto de diagrama icónico de Peirce y fala de dous tipos de iconicidade diagramática:

"Although linguistic signs in isolation are symbolic, the system or grammar which relates them may be diagrammatically iconic in two ways: (a) by isomorphism, a bi-unique correspondence tends to be established between signans and signatum; (b) by motivation, the structure of language directly reflects some aspect of the structure of reality." (Haiman, 1980, 515)

---

<sup>5</sup> Os dous últimos corresponden noutras terminoloxias, incluíndo a utilizada polo propio Saussure, respectivamente a símbolos (~ iconos) e signos (~ símbolos). Curiosamente, os 'símbolos' de Peirce caracterízan-se pola arbitrariedade e os de Saussure pola non arbitrariedade.

<sup>6</sup> As metáforas entrarían, para Peirce, nun terceiro tipo.

## 5. Isomorfismo e dualidade do signo.

Co que Haiman chama isomorfismo, defende-se que hai que partir do suposto de que a relación significante - significado é biunívoca e que son as posíbeis desviacións deste suposto as que precisan explicación específica<sup>7</sup>. Non estamos, na miña opinión, nunha corrección do pensamento de Saussure, mesmo se ese isomorfismo, por ser diagramático, matiza o principio de arbitrariedade. Mais ben ao contrario, creo que supón unha revalorización da lingüística saussureana. A tese do isomorfismo, tal como a formula Haiman, non é outra cousa que unha reformulación da metáfora saussuriana da folla de papel (a lingua é como una folla de papel na que non se pode cortar o anverso -significante- sen cortar o reverso -significado-), que é a súa vez elaboración da interdependencia entre as dúas faces do signo. Na lingüística post-saussuriana deriva-se de aquí o concepto de invariante, dado polo que E. Coseriu chama principio de funcionalidade.

E digo que o concepto de "isomorfismo" supón unha revalorización (e non simplemente unha continuación) da lingüística saussuriana porque non foi aplicado coerentemente mais que no estruturalismo europeo. Ao destacar este tipo de iconicidade diagramática, Haiman quere lembrar-lles aos lingüistas americanos, que evolucionaron xunto ao distribucionalismo e à gramática xenerativa, que as linguas non son arbitrarias, entendendo por isto que a estrutura lingüística non é independente do significado.

Por outra banda, moitos dos exemplos propostos de motivación relativa son unha consecuencia do isomorfismo e da invariación. O mesmo exemplo de Saussure: *dix-neuf* está relativamente motivado polos significados de *dix* e *neuf*, precisamente porque esperamos que se manteña invariante o significado dos significantes *dix* e *neuf*. Na

---

<sup>7</sup> A tese do isomorfismo nega explicitamente que existan sinónimos perfeitos e implica que a polisemia dun significante (único) debe xustificarse pola existencia de semas comúns ou pola contigüidade dos sentidos (arredor do sentido central ou prototípico). A tese do isomorfismo é contradita pola homonimia ou ambigüidade, que na miña opinión debe explicarse pola actuación doutro principio, o de economía que é o que favorece o aproveitamento do mesmo significante en contextos lingüísticos ou situacionais diferentes.

motivación metafórica, a identidade de significante corresponde-se coa contigüidade de sentido que garante a invariância.

Debe notar-se que a tese do isomorfismo ha-se aplicar igualmente aos morfemas gramaticais (o xenitivo latino ten un significado invariante, ou cando menos existe contigüidade entre os seus sentidos posíbeis), às categorías gramaticais (os nomes, por exemplo, teñen un significado comun, ou sentidos contíguos) a as estruturas sintagmáticas (que tamén son signos, a cada estrutura sintáctica corresponde-lle un significado).

## 6. Motivación diagramática

Certamente, a tese do isomorfismo non aporta grandes novidades ao modo de traballar do estruturalismo europeo, aínda que si a certas teses formalistas do estruturalismo norteamericano e do xenerativismo. O que cumpre indagar agora é se máis alá desa correspondencia (diagramática) entre significante e significado hai outras correspondencias motivadas.

É fácil ver que o significante non pode ser completamente indiferente. Nunha palabra como *árbores*, o morfema *árbore-* significa "árbore" e o morfema *-s* significa "plural", e non hai nengunha semellanza imitativa entre o significante e o significado (a palabra *árbore* non ten forma de árbore); mas é dificilmente concebíbel o intercambio dos significados deses dous morfemas. En todas as linguas a constitución fonolóxica dos morfemas gramaticais tende a ser máis leve que a dos morfemas léxicos (menor número de fonemas, formas dependentes, soen ser átonos, etc.). Hai nisto unha razón de economía: sendo menos os significados gramaticais que os significados léxicos precisan menor número de elementos distintivos. Mas tamén hai, penso, motivación icónica: a dependencia fonolóxica dos morfemas gramaticais respecto dos morfemas léxicos reflecte a dependencia semántica dos que Sapir (1921) chama "conceitos relacionais" respecto dos "conceitos básicos". Temos, pois, a seguinte iconicidade diagramática:

- \* A complexidade fonolóxica reflecte a complexidade semántica

\* A dependéncia fonolóxica reflecte a dependéncia semántica

Un dos casos de iconicidade diagramática que ten máis repercusión no funcionamento da linguaxe é a hierarquización sintagmática das expresións lingüísticas. Toda estrutura sintáctica é, de por si, un diagrama<sup>8</sup>. Ademais, na ordenación lineal dos constituintes dun enunciado, a proximidade formal é un reflexo de maior ligazón conceitual. Os constituintes relacionados sintagmáticamente soen ser contiguos. Logo,

\* A distáncia formal reflecte a distáncia conceitual

Deste mesmo principio existen algúns exemplos algo mais complexos. Na complementación verbal atopamos complementos con preposición ou sen ela. O complemento con preposición (mais 'distante') soe designar entidades relativamente mais independentes do proceso que o complemento con preposición. Por exemplo, o complemento sen preposición pode ser un obxecto efectuado (que existe como consecuencia do proceso: *facer un piano*) e o complemento con preposición non (*traballar / argallar / fozar no piano*)<sup>9</sup>. Por iso, *hablar de lingüística* e *hablar español* non son estruturalmente idénticos. O obxecto sen preposición é un obxecto interno claramente distinto de *hablar de(l) español*.

A orde de constituintes pode ser un reflexo aínda mais directo da relación significativa. Jakobson chama a atención sobre o feito de que no famoso *veni, vidi, vici* de Caesar a orde dos verbos se corresponde coa orde temporal dos acontecementos. Isto non é casual, e achamo-lo en calquer lingua en calquer tipo de discurso. A orde lineal tende a reflectir a orde temporal ou a orde causal / lóxica dos acontecementos (causa antes do efecto, condicionante antes do condicionado, etc.). Por suposto, às veces pode alterar-se a orde, mas nese caso ha-se marcar explicitamente (*venceu **despois de** ver*) dando lugar a

---

<sup>8</sup> De feito, Peirce cre que para que unha frase poda comprender-se a súa disposición ten que actuar como icono diagramático

<sup>9</sup> Na complementación verbal (na transitividade) hai mais feitos que seguen o mesmo principio icónico. Os nomes altos na hierarquía de animación e determinación soen adoptar unha marca preposicional específica (preposición *a* nas linguas ibéricas, aínda que con extensión mui diferente en cada unha delas: *vexo-o a el*), e polo contráριο os nomes abstractos usados xenéricamente chegan a fundirse sintáctica, morfolóxica (linguas incorporantes) ou lexicamente (*ter medo > temer*).

estruturas mais *complexas*. As construcións sen morfemas que marquen explícitamente a orde de acontecementos tenden a interpretarse como se o mencionado primeiro fose temporal e/ou causalmente anterior<sup>10</sup>:

1. Tivo un fillo e [<despois, consecuentemente>] casou
2. Foi acusado de irregularidades e [<por iso>] dimitiu
3. Da-me o teu teléfono e chamo-te eu [<Se> mo das, <despois> chamo-te]

## 7. Conclusión.

Poderían engadir-se mais exemplos de motivación icónica, mas penso que o mais importante da discusión non é tanto o peso relativo que teñen nas linguas os fenómenos motivados, senón mais ben a actitude que revelan sobre a maneira de abordar o estudo da linguaxe. É significativo que a insistencia na motivación proceda de R. Jakobson, o mais cualificado representante do funcionalismo praguense, e que a idea fose adoptada como propia pola tipoloxía funcional. Porque, ao final, o que se discute non é o signo lingüístico, senón a linguaxe. Na súa introdución à tipoloxía e os universais, Croft (1990) trata a iconicidade como unha das principais motivacións alegadas para a existencia de universais. A definición que da de iconicidade é a seguinte:

"The intuition behind iconicity is quite simple: the structure of language reflects in some way the structure of experience, that is to say, the structure of the world, including (in most functionalist' view) the perspective imposed on the world by the speaker. The structure of language is therefore motivated or explained by the structure of experience to the the extent that they two match" Croft (1990, 164)

O que se defende agora, pois, non é que o significante imite o significado, senón que a **estrutura** da linguaxe (ou das linguas) reflecte a nosa **percepción do mundo** exterior à linguaxe. Entendida así, a tese da motivación non vai contra a tese saussuriana da arbitrariedade, se acaso vai contra interpretacións post-saussureanas (que non me parece a

---

<sup>10</sup> A Pragmática entende este feito, a partir de Grice (1975), como implicatura conversacional derivada da submáxima de maneira: "sexa ordenado". O que me parece interesante é que a mensaxe é interpretada baixo o suposto de que o falante segue o 'principio cooperativo' se a súa ordenación de constituintes é icónica.

min que correspondan ao pensamento de Saussure) no senso de que a *langue* é un sistema fechado, independente dos feitos externos a ela. A tese do funcionalismo, revalorizada na lingüística dos oitenta, é que toda a estrutura lingüística está motivada finalísticamente polas condicións de uso das linguas nas situacións comunicativas e polas capacidades cognitivas dos seres humanos. A diversidade das línguas é unha proba evidente de arbitrariedade relativa; a existencia de universais é proba de que as linguas non poden variar arbitraria e ilimitadamente. Unha das tarefas mais interesantes da lingüística actual é a procura de motivacións para os universais lingüísticos.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- Benveniste, E. (1939): "Nature du signe linguistique", reed. en *Problèmes de linguistique générale*, I, Gallimard, Paris, 1966, pp. 49-55.
- Bolinger, D.L. (1949): "The sign is not arbitrary", *Boletín del Instituto Caro y Cuervo*, 5, 52-62.
- Coseriu, E. (1958): *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*, Gredos, Madrid 1978.
- Coseriu, E. (1967): "L'arbitraire du signe. Sobre la historia tardía de un concepto aristotélico", en *Tradición y novedad en la ciencia del lenguaje*, Gredos, Madrid 1977, pp. 13-61.
- Croft, W. (1990): *Typology and Universals*, Cambridge University Press, Cambridge.
- Engler, R. (1962): "Théorie et critique d'un principe saussurien: l'arbitraire du signe", *CFS*, 19, pp. 5-66.
- Engler, R. (1964): "Compléments à l'arbitraire", *CFS*, 21, pp. 25-32.
- Givón, T. (1991): "Isomorphism in the grammatical code: cognitive and biological considerations", *Studies in Language*, 15/1, 85-114.
- Haiman, L. (1980): "The iconicity of grammar: isomorphism and motivation", *Language*, 56, 515-540.
- Haiman, L. (1983): "Iconic and economic motivation", *Language*, 59, 781-819.
- Haiman, L. (1985): *Natural Syntax. Iconicity and Erosion*. Cambridge University Press, Cambridge.
- Holdcroft, D. (1991): *Saussure. Signs, System, and Arbitrariness*, Cambridge University Press, Cambridge.

- Jakobson, R. (1963): "Efforts towards a Means-End Model of Language in Interwar Continental Linguistics", en *Trends in Modern Linguistics*, Utrecht-Amberes, 1963. [Tradución ao español: "Búsqueda de un modelo de los medios y de los fines del lenguaje en la lingüística europea de entre las dos guerras", en *Nuevos ensayos de lingüística general*, Siglo XXI, México, 1976]
- Jakobson, R. (1965): "À la recherche de l'essence du langage", en *Diogène / Problèmes du langage*, Gallimard, Paris 1966, pp. 22-38.
- Saussure, F. (1916): *Cours de linguistique générale*. Édition critique préparée par Tullio de Mauro, Payot, Paris 1976.
- Wells, R. S. (1947): "De Saussure's System of Linguistics", *Word*, 3, 1-31.